



CONVOCATORIA DE IDEAS PARA PINTAR A BANCADA “O NOSO PATIO”

OBXECTO.- Nas próximas actuacións do proxecto “O noso patio” do CEIP Sanjurjo de Carricarte, está contemplado pintar a bancada do patio exterior, polo que se convoca este concurso de ideas para procurar un deseño.

PARTICIPANTES.- Poderán participar alumnado, profesorado e familias, individualmente ou en grupos pertencente ao centro CEIP Sanjurjo de Carricarte de A Coruña.

TEMÁTICA E FORMATO.-

- A temática e a técnica sobre a que versará o deseño é libre.
- O deseño abranguerá a parte frontal da bancada. Achégase plano para elaborar o deseño (anexo 1).
- As cores a empregar son: branco, turquesa, laranxa salmón, amarelo brillante e burdeos, achégase mostra das cores (anexo 2). Na medida do posible empregaranse todas.
- Se existe texto no deseño o idioma que se empregará para a súa realización será o galego e respectarase a linguaxe de xénero.

REALIZACIÓN DO MURAL.- O mural efectuarase no mes de maio polo equipo de pintura do obradoiro municipal de emprego do Concello da Coruña.

PREMIO.- A persoa ou grupo gañador recibirá un diploma de agradecemento, e poderá propoñer o equipo de pintura deixar o seu nome ou iniciais na pintura mural.

Ademais, a realización do seu deseño, será gravada e fotografada para posteriormente ser difundida nas páxinas web do centro e do proxecto.

PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN.

Prazo: o prazo de admisión de deseños para o concurso será do día 18 de Abril ata o 27 de Abril ambos incluídos.

Forma de presentación: o bosquejo será entregado en papel ás persoas titoras do centro ou en formato dixital ao correo onosopatioinfo@gmail.com, indicando o nome, apelidos e curso.

Poderase acompañar dun breve texto explicativo sobre as motivacións para a realización do deseño presentado.

COMPOSICIÓN DO XURADO.- O xurado responsable da selección do deseño gañador, estará formado por alumnado, profesorado, familias e persoal técnico municipal asignado ao proxecto elixido polo equipo coordinador do proxecto e pola dirección do centro.

CRITERIOS DE VALORACIÓN.-

Relación do deseño co proxecto “O noso patio”. Ata 5 puntos.

Orixinalidade e creatividade. Ata 5 puntos.


ENTREGA DE PREMIOS.- A entrega de premios celebrarase baixo as directrices da Dirección do centro e darase a coñecer a través da páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanjurjo/> e do blog do proxecto <https://onosopatio.wordpress.com/>

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.



ANEXO 1

PLANO DA BANCADA. (Imprimir en A3)





ANEXO 2

CORES PARA PINTAR A BANCADA

